

## BLOQUE DE ACTIVIDADES

### VIDA PRÁCTICA

- Deixade que vos axuden nas **tarefas** do **fogar** diarias (axudar a preparar a comida, lavar pratos, recoller a mesa, facer a cama, limpar, recoller a roupa, elaborar a lista da compra...).
- Propoñédelle aos nenos/as realizar **transvases** con sólidos e líquidos.

### LINGUAXE ORAL

- Xogade a inventar contos utilizando a técnica do **Binomio Fantástico** de **Gianni Rodari** que consiste en pedirlle ao neno/a que diga **dúas palabras ao azar**. Aquí o importante é que esas palabras non teñan relación entre si. É dicir, se din por exemplo "casa" e "ventá" habería que cambiar as palabras por outras moito máis distantes como "gato" e "barco". A partir de aquí, podedes inventar unha historia que conteña estas dúas palabras.
- Outra técnica de Gianni Rodari, consiste en preguntarlles aos nenos/as que pensan que sucedería despois do final dalgún conto xa coñecido por eles. Por exemplo, que sucederá cando a tartaruga esperta ao día seguinte? (conto de "A tartaruga que quería durmir" editorial OQO). A partir desa pregunta podedes inventar unha historia.
- Gianni Rodari tamén propón unha técnica chamada Cartas en cartolinas na que tedes que elixir diferentes imaxes ou figuras que atopedes en revistas/periódicos que teñades na casa e pegalas en cartolinas. Despois, ides sacando cartolinas e inventando unha historia en función do que vai tocando.

- Contar historias de cando os pais/avós/tíos eran pequenos. Despois poden representalo facendo un debuxo autonomamente.

### **LECTOESCRITURA**

- Investigar sobre algún tema que lles fascine.
- Buscade as letras dos nomes dos membros da familia en xornais ou revistas que teñades por casa e despois facede un debuxo de cada persoa.
- Debuxade sobre pan relado dentro dunha bandexa (as iniciais dos vosos nomes, caras con emocións, números, debuxo libre...).
- As historias anteriores podedes escribilas e realizar debuxos das mesmas para crear o voso propio conto.
- Ler todos os días un conto: debuxar a personaxe protagonista, secundarios, a escena que máis lles gustou, escribir o título, cambiarlle o final,...

### **LÓXICA MATEMÁTICA**

- Faces series, agrupacións, conxuntos con pedras, botóns, chapas...
- Contar obxectos.
- Xogade con material non estruturado que teñades pola casa e deixade que os nenos/as poñan en marcha a súa creatividade e fagan construcións, figuras, mini mundos... (caixas, tapóns, tapóns de cortiza, cartas, rolos de cartón...).
- Podedes xogar a pescar tapóns. Dentro dun barreño ou similar botade auga e colocade tapóns de diversas medidas e cores para que floten. Con palillos de comida china/pinzas de cociña (ou similar) os nenos/as deberán xogar a pescalos. Os máis maiores poden tirar un dado e pescar o número de tapóns que indique o

dato. Outra alternativa, pode ser escribir (o ideal é que o fagan os nenos/as) en cada tapón un número e pescar os tapóns que nos vai indicando o dado.

- Experimentar coas propiedades dos obxectos: peso (coa balança da cocina), tamaño, flota/afunde, é magnético...

### **PLÁSTICA**

- Pintar mandalas.
- Crear retratos con materiais reutilizados: botóns, lá, papeis, pompóns, fitas...
- Crear personaxes con obxectos naturais: ramas, pedras, madeira...
- Ofrecer materiais ás nenas/os (follas, plásticos, cartolinas, tesoiras, pegamentos) e que creen deixando voar a súa imaxinación.
- Elaborade pasta de sal (unha especie de plastilina caseira). É unha actividade sensorial que pode resultar moi amena para os nenos/as. Aquí podedes ver como facer a pasta: <https://www.pequeocio.com/hacer-masa-de-sal-casera/>

### **EXPERIMENTACIÓN**

- Facede experimentos sinxelos. Nesta web podedes ver exemplos de experimentos que, de seguro, vos resultarán moi divertidos: [https://www.youtube.com/channel/UCc\\_-hy0u9-oKlNdMKHBudcQ](https://www.youtube.com/channel/UCc_-hy0u9-oKlNdMKHBudcQ).

### **XOGO SIMBÓLICO**

- Xogar a disfrazarse con roupa que teñen na casa.

### **ACTIVIDADES TIC**

- PEQUE TIC (números, letras, animais) <http://ntic.educacion.es/w3/eos/MaterialesEducativos/mem2009/pequetic/>
- ARA Y BELBO (memoria, letras, números, cores, puzzles...)

[http://ntic.educacion.es/w3/eos/MaterialesEducativos/em2010/ara\\_belbo/archivos/intro.html](http://ntic.educacion.es/w3/eos/MaterialesEducativos/em2010/ara_belbo/archivos/intro.html)

- FÍODOR (letras, números, memoria...)  
<http://ntic.educacion.es/w3/eos/MaterialesEducativos/em2008/fiodor/actividades/archivos/index.html>

- FANTASMÍN (variado: hixiene, vestimenta, estacións do ano, música...)

[http://ares.cnice.mec.es/infantil/a/aa\\_02vf.htm](http://ares.cnice.mec.es/infantil/a/aa_02vf.htm)